

Informe da Directora Xunta de Escola, 3 de abril de 2024

1 Actividades de representación

- 15 de xaneiro. Asistencia da directora ao acto de inauguración da exposición de fotografía sobre o sector da lousa promovida polo Clúster da Lousa de Galicia e a Xunta de Galicia, coa colaboración de Afundación, Obra Social ABANCA.
- 6 febreiro. Asistencia da directora ao Encontro sobre a Enerxía Galicia-Norte de Portugal, celebrado en Vigo, organizado polo *Consello Galego de Enxeñarías* e a *Ordem Engenheiros Regio Norte de Portugal*. O COIMNE financiou a asistencia de 10 estudantes da escola e das persoas colexiadas.
- Asistencia da directora en representación do centro aos actos de apertura (5 de marzo) e clausura (7 de marzo) do Foro Tecnolóxico de Emprego 2024.
- 8 de febreiro. Asistencia da directora ao acto de entrega dos recoñecementos “*Enerxéticos 2024*”, concedidos polo CLUERGAL e a revista *Dínamo Técnica*.
- 29 de febreiro. Asistencia de María Araújo, en representación do centro, ao acto de presentación da asociación estudantil *UVigo SpaceLab* ao presidente da Deputación de Pontevedra e ao deputado de Reto demográfico, xuventude e desenvolvemento rural.
- 26 de xaneiro. Asistencia da directora aos actos de celebración de Santo Tomás. No acto recibiron os seguintes premios persoas egresadas do centro:
 - Premio Extraordinario Grao en Enxeñaría da Enerxía. Curso 2022/2023: Lorena Lorenzo Portela
 - Premio Extraordinario Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: Curso 2022/2023: Laura Iglesias Fernández
 - Premios extraordinario de Doutoramento
 - Natalia Cid Rodríguez, pola tese “*Contribucións ó desenvolvemento de filtros electrostáticos para o tratamento de gases xerados na combustión de biomasa*”, dirixida por Jacobo Porteiro e David Patiño
 - Artai Antón Santos López, pola tese “*Novas aportacións paleobotánicas ao Xurásico do Norte da Península Ibérica: Implicacións palinoestratigráficas e paleoecolóxicas*”, dirixida por José Bienvenido Díez Ferrer e Luis Miguel Sender Palomar.
- 22 de marzo. Asistencia da directora ao acto de entrega dos *Premios Ángela Ruiz Robles* de Excelencia Académica ao estudante Rafael da Hora Lavigne (convocatoria correspondente ao curso 2021/2022).

2 Reunións de traballo

- 15 de febreiro. Reunión do equipo directivo coa Vicerreitora de Extensión Universitaria, para valorar actividades a desenvolver.
- 21 de febreiro. Reunión da directora co estudantado da asociación *CES UVIGO*.

- 11 de marzo. Reunión de Francisco Deive con representantes da *Sharif University of Technology* e o Director de Relacións Internacionais da Uvigo, Iago Pozo, para analizar a posible colaboración futura en investigación e docencia en áreas de enxeñaría de enerxía, minas e materiais.
- 21 de marzo. Asistencia de Francisco Deive, Iria Feijóo, María Araújo, Carmen Romo e Elena Alonso á sesión formativa sobre a implantación dos módulos de TFG/TFM na plataforma SIGMA para a participación do centro no proxecto piloto.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

3 Mobilidade

O 31 de xaneiro incorpóranse no segundo cuadrimestre 3 estudantes nos graos do centro: dous estudantes Erasmus de ESAIP (París) (Tidiane Amadou Ly e Marie-Sarah Malabeux) e unha estudante Erasmus KA171 de Chile (Vanessa Rojas Ardiles).

O 15 de marzo de 2024 publicouse a resolución definitiva do estudantado aceptado para realizar unha estada Erasmus e SICUE para o próximo curso 2024/2025:

- Alvariñas Expósito, Jorge (Politécnico di Torino, 1º cuadrimestre)
- Cordón Vieito, Katia (Politécnico di Torino, 1º cuadrimestre)
- García Lois, Blas de Santiago (Università degli Studi di Cagliari, todo o curso)
- González Fernández, Víctor José (Politécnico di Milano, todo o curso)
- Loroño Costas, Alejandro (Universidad Técnica de Ostrava, Rep. Checa, 2º cuadrimestre)
- Rodríguez Fernández, Francisco (Università degli Studi di Cagliari, todo o curso)
- Rodríguez Pérez, Mario (Università degli Studi della Basilicata, todo o curso)
- Sáiz Viso, Guillermo (Université de Mons, Bélxica, 1º cuadrimestre)
- Sánchez Debasa, Javier Jesús (FachHochSchule Technikum Wien, todo o curso)
- Alonso Estévez, Sara (Universidad de León, 1º cuadrimestre).

Agradécese a Francisco Deive o seu labor como responsable de RRII do centro.

4 Actividades de Divulgación Científica e Captación de Alumnado

4.1 Sesións informativas graos (a través do SIE)

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante
17/01/2024	IES Politécnico (Vigo)	2º Bach	25	Francisco Deive
18/01/2024	IES Primeiro de Marzo (Baiona)	1º Bach	14	Raquel Pérez
21/02/2024	IES Coruxo (Vigo)	1º Bach	21	Raquel Pérez
21/02/2024	IES A Guía (Vigo)	2º Bach	10	Raquel Pérez
21/02/2024	IES As Barxas (Moaña)	4º ESO	13	Raquel Pérez
22/02/2024	IES Politécnico (Vigo)	1º Bach	20	María Araújo
22/02/2024	Colegio Los Sauces (Vigo)	2º Bach	20	María Araújo

27/02/2024	IES Valga (Valga)	1º e 2º Bach	4	Raquel Pérez
27/02/2024	IES Castelao (Vigo)	2º Bach	23	Raquel Pérez
28/02/2024	CPR Marcote (Mondariz)	1º e 2º Bach	40	Raquel Pérez
06/03/2024	IES Santo Tomé de Freixeiro (Vigo)	2º Bach	28	Raquel Pérez
07/03/2024	IES do Castro (Vigo)	2º Bach	26	Raquel Pérez
07/03/2024	IES Ribeira do Louro (Porriño)	2º Bach	4	Raquel Pérez
11/03/2024	IES Val Miñor (Nigrán)	1º Bach	20	Raquel Pérez
15/03/2024	IES da Cañiza	1º e 2º Bach	13	Raquel Pérez
18/03/2024	IES Rodeira (Cangas)	2º Bach	35	Raquel Pérez
18/03/2024	IES A Paralaia (Moaña)	2º Bach	5	Raquel Pérez
22/03/2024	Colegio Amor de Dios (Vigo)	2º Bach	10	Francisco Deive

4.2 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Nº	PDI participante	Actividade
21/12/2023	IES Ponte Caldelas (Ponte Caldelas)	1º e 2º Bach	32	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
08/01/2024	CPR Tirso de Molina (Ferrol)	1º e 2º Bach	30	Francisco Deive	Sesión informativa Graos
08/01/2024	IES Moncho Valcárcel (As Pontes)	1º e 2º Bach	44	Francisco Deive	Sesión informativa Graos
09/01/2024	IES Isaac Díaz Pardo (Sada)	1º e 2º Bach	35	Francisco Deive	Sesión informativa Graos
10/01/2024	IES Fene (Fene)	1º e 2º Bach	48	Francisco Deive	Sesión informativa Graos
11/01/2024	IES Saturnino Montojo (Ferrol)	1º e 2º Bach	60	Francisco Deive	Sesión informativa Graos
11/01/2024	IES As Telleiras (Narón)	1º e 2º Bach	30	Francisco Deive	Sesión informativa Graos
11/01/2024	IES As Mariñas (Betanzos)	1º e 2º Bach	35	Francisco Deive	Sesión informativa Graos
12/01/2024	IES Canido (Ferrol)	1º e 2º Bach	28	Francisco Deive	Sesión informativa Graos
12/01/2024	IES Plurilingüe Ames (Ames)	1º e 2º Bach	76	Benito Vázquez	Difracción e Espectroscopía
15/01/2024	CPI Virxe da Saleta (Cea)	3º e 4º ESO	39	Raquel Pérez	Sesión informativa Graos
17/01/2024	CPR Santiago Apóstol (Ponteareas)	4º ESO	44	Raquel Pérez	Sesión informativa Graos
17/01/2024	IES Marco do Camballón (Vila de Cruces)	1º Bach	12	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
17/01/2024	Colexio Amor de Deus (Vigo)	1º e 2º Bach	90	Raquel Pérez	Intelixencia Artificial
18/01/2024	IES Primeiro de Marzo (Baiona)	2º Bach	23	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
19/01/2024	IES Ramón Cabanillas (Cambados)	2º Bach	25	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
24/01/2024	IES Pedra Rubias (Salceda de Caselas)	1º Bach	24	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
25/01/2024	IES Pazo da Mercé (As Neves)	3º ESO	26	Carlos Collazo	A Chispa Azul

08/02/2024	Colegio Pablo VI (A Rúa)	4º ESO 1º e 2º Bach	47	Raquel Pérez	Sesión informativa Graos
15/02/2024	IES Plurilingüe Pintor Colmeiro (Silleda)	4º ESO 1º Bach	22	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
16/02/2024	IES Valle Inclán (Pontevedra)	1º e 2º Bach	50	Elena Alonso	As materias primas minerais na transición enerxética
29/02/2024	Colexio Plurilingüe María Auxiliadora (Vigo)	4º ESO	50	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
15/03/2024	IES Politécnico (Vigo)	2º Bach	30	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
18/03/2024	Colexio Amor de Deus (Vigo)	3º, 4º ESO 1º e 2º Bach	240	Raquel Pérez	A Muller na Enxeñaría
20/03/2024	IES Valadares (Vigo)	4º ESO	110	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
20/03/2024	IES Coruxo (Vigo)	2º Bach	13	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
21/03/2024	IES Castelao (Vigo)	1º Bach	73	Elena Alonso	As materias primas minerais na transición enerxética
22/03/2024	IES A Sangriña (Vigo)	1º e 2º Bach	80	Benito Vázquez	Óptica xeométrica

4.3 Aula Aberta á TecnoCiencia

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
09/01/2024	IES Beade (Vigo)	1º Bach	20	Salomé Álvarez María Araújo	Enxeñaría Química The Wall
10/01/2024	IES Porto do Son (Porto do Son) IES Virxe do Mar (Noia)	3º e 4º ESO	32	José Domingo Moya Javier López	Combustión Intelixencia Artificial
17/01/2024	Colexio Miralba-Jesuitinas (Vigo)	1º e 2º Bach	41	José Domingo Moya Moisés Cordeiro	Combustión Intelixencia Artificial
25/01/2024	IES Terra de Soneira (Vimianzo)	1º Bach	13	Benito Vázquez José Domingo Moya Andrés Cristóbal	Física Re-Creativa Combustión Materiais intelixentes
19/02/2024	Colexio Sagrado Corazón de Placeres (Pontevedra)	3º e 4º ESO	25	Daniel Lamas Borja Barreiro	Termografía Infravermella Materiais Intelixentes
23/02/2024	IES Coruxo (Vigo)	3º ESO	56	Salomé Álvarez José Domingo Moya	Enx. Química Combustión
15/03/2024	Compañía de María (Vigo)	1º Bach	12	Gabriel Suárez	Termografía Infravermella

4.4 Obradoiro recoñecemento minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
23/01/2024	CPR Santiago Apóstol (Ponteareas)	4º ESO	25	Teresa Rivas Laura Andrés	Centro
02/02/2024	EPAPU Nelson Mandela (A Lama)	1º e 2º Bach	15	Iago Pozo	Centro

				Teresa Rivas	
21/02/2024	Colegio Juan Sebastián Elcano (Pontevedra)	1º ESO	10	Iago Pozo	Centro
15/03/2024	Compañía de María (Vigo)	1º Bach	12	Raquel Pérez	EEME

4.5 Participación en Feiras

Data	Nome	Colexio/IES	Actividade	PDI participante
26/01/2024	INNOVAMES (Ames)	Público en xeral	Stand da EME (Información sobre os Graos e as saídas laborais)	Raquel Pérez
30/01/2024	XOU UVIGO (Campus Lagoas-marcosende)	Estudantado preuniversitario	Stand da EME (Información sobre os Graos e as saídas laborais)	Andrés Cristóbal Manuel Fernández Iago Villarino
29/02/2024	X Feira de Mineráis (Santiago de Compostela)	IES Daviña Rey IES A Pobra IES Chano Piñeiro	Conferencia: As materias primas mineráis na transición enerxética	Elena Alonso
29/02/2024	X Feira de Mineráis (Santiago de Compostela)	IES Camilo José Cela IES Cacheiras IES Milladoiro	Obradoiro de Recoñecemento de mineráis de visu	Laura Andrés Borja Barreiro Iago Villarino
01/03/2024	X Feira de Mineráis (Santiago de Compostela)	IES Fonmiñá IES nº 1 Ribeira IES Terras do Xallas IES Antón Fraguas IES Valga	Obradoiro de Recoñecemento de mineráis de visu	Carmen Mariño Iria Feijó Borja Barreiro Iago Villarino

4.6 Campaña Día Mundial da Enerxía

O 14 de febreiro celebrouse nas instalacións da EME unha actividade para conmemorar o *Día Mundial da Enerxía*, co obxectivo de dar visibilidade ao Día Mundial da Enerxía e implicar ao estudantado que habitualmente fai vida na EEME (propio do centro, e doutros centros: EEI, EET...) nas actividades e xornadas desenvoltas pola Escola. A actividade foi unha XINCANA – BÚSQUEDA DO TESOURO. Agocháronse 14 adhesivos conmemorativos da xornada en diferentes espazos da escola. Cada un tiña un código, que á súa vez tiña asociado a un premio (vales por xantares no comedor, vales por cafés, vale por un almorzo, *merchandising* da EEME, libros...).

4.7 Olimpíada de Xeoloxía

O 7 de febreiro, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía volveu ser sede provincial da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía na súa XV edición. A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa organizada pola “*Sociedad Geológica Española*” e a AEPECT (“*Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*”). En particular a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía recibiu 80 estudantes de 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato, procedentes de dez centros da provincia de Pontevedra. Ao longo do día o alumnado enfrontouse a unha proba práctica, que tivo lugar no monte “A Guía”, e un exame teórico.

Pola tarde o centro organizou actividades formativas, que foron as seguintes:

- *Fabricación de pinturas*, impartido por Raquel Pérez e Carmen Mariño
- *Intelixencia Artificial para o recoñecemento de mineráis*, impartido por Moisés Cordeiro.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/80-mozos-mozas-participan-ee-minas-enerxia-fase-territorial-xv-olimpiada-xeoloxia>

Participaron como persoal de apoio: Iago Vilariño, Fran Rodríguez, Borja Barreiro e Mateo Salgado, baixo a coordinación de Raquel Pérez.

4.8 Outras actividades

Data	Centro	Participantes	Número asistentes	PDI participante	Actividade
13 03/2024 14/03/2024	IES Estelas (Cantabria)	Profesorado e estudiantado de FP	9	Moisés Cordeiro Costas	Seminario formativo sobre o uso de técnicas de Intelixencia Artificial para a mellora da eficiencia enerxética dos edificios. A actividade enmárcase no proxecto de innovación “Desenvolvemento dun sistema de control para a xestión enerxética en edificios con Machine Learning”

4.9 STEMBach

Defendéronse os seguintes proxectos STEMBach, correspondentes ao bienio 2022/2024

IES	Proyecto	Alumnado	Titores/as	Data	Tribunal UVIGO
IES Nosa Señora dos Ollos Grandes	Materiais construtivos e procesos de deterioro da Catedral de Lugo e da Capela do Carne	Duarte Guerreiro	Teresa Rivas	06/02/24	Elena Alonso
IES Valadares	Avaliando e conservando a <i>street art</i> da túa contorna	Víctor Castro Vilán	Iago Pozo	19/03/24	Elena Alonso

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación científica e a Raquel Pérez o labor de organización e coordinación.

5 Igualdade

5.1 Día da Muller e da Nena na Ciencia

O día 8 de febreiro, a Escola participou por terceira vez nas actividades organizadas pola Unidade de Cultura Científica e a Unidade de Igualdade para conmemorar o “Día internacional da Muller e da Nena na Ciencia”. Recibimos a 22 nenas do IES de Mos e realizáronse as seguintes actividades:

- Sesión benvinda: “*As mulleres e as STEM*” (Generosa Fernández e Elena Alonso)
- “*The Wall*” (María Araújo e Xurxo Rigueira)
- “*The She-ience Games: Catching Fire*” (Ana Larrañaga e Raquel Pérez-Orozco)
- “*Identificación de minerais*” (Teresa Rivas, Iria Feijoó e Carmen Mariño).

O evento foi organizado por Generosa Fernández, Enlace de Igualdade da EME.

5.2 Día Internacional das Mulleres

Fíxose un acto o día 20 de marzo no que se entregaron os premios do concurso de fotografía MULLE_RME 2024 e se visionou un corto titulado *Diferencias* (Isabel Alberro, 2017).

- O primeiro premio MULLE.RME (300 euros e Diploma) foi para a fotografía “O Comezo”, unha imaxe presentada por Aránzazu Berrocal. A gañadora presentou e explicou a fotografía, que amosa a súa actividade como profesional na execución dos túneles do AVE.
- O segundo posto (150 euros e Diploma) foi para “Rostros detrás de la investigación”, fotografía realizada pola estudante da Escola, Amanda Franco Sardinha.
- Tamén se concedeu un accésit á fotografía “Destrucción controlada”, realizada por Carmen María Mariño Martínez.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/escola-enxenaria-minas-enerxia-entrega-os-seus-premios-fotografia-mullerme-2024>

5.3 Xornada co Concello de Redondela

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI Participante	Actividade
11/03/2024	CEIP Porto Cabeiro	6º primaria	23	Raquel Pérez	Mulleres STEAM Fabricación de pinturas
12/03/2024	CEIP Plurilingüe Quintela	5º e 6º primaria	29	Raquel Pérez	Mulleres STEAM Recoñecemento de Minerais
13/03/2024	CEIP Plurilingüe Alexandre Bóveda	6º primaria	15	Raquel Pérez	Mulleres STEAM Recoñecemento de Minerais
14/03/2024	CEIP Outeiro das Penas	6º primaria	30	Teresa Rivas	Mulleres STEAM Recoñecemento de Minerais

Esta actividade foi solicitada polo Concello de Redondela e consistiu na organización e impartición de obradoiros dirixidos a nenos e nenas dos centros de primaria do concello. A actividade foi organizada e coordinada por Raquel Pérez. Agradécese ao Concello de Redondela o seu interese e por contar coa EME.

Agradécese ás persoas participantes no desenvolvemento das actividades en materia de Igualdade e a Generosa Fernández a coordinación das mesmas.

6 Orientación académica de profesional

7 febreiro. Sesión informativa para o estudantado do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas sobre a implantación do novo plan de estudos e a realización da viaxe de estudos.

13 de marzo. Sesión de orientación académica e profesional para o estudantado de 3º e 4º dos graos da Escola, realizándose as seguintes actividades:

- Información sobre orientación académica de posgrao e profesión regulada: Elena Alonso
- Información sobre o programa de seguimento das persoas egresadas: Eduardo Liz
- Información sobre o Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga: María Araújo
- Información sobre o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas: Elena Alonso
- Información sobre a empresa KAIZEN INSTITUTE: Eva García.

Agradécese o seu traballo as persoas participantes nas actividades.

7 Sistema Garantía Calidade

7.1 Docencia Quinquenal

O 6 de marzo realizouse unha sesión informativa para o profesorado sobre o desenvolvemento do programa Docencia Quinquenal (IV edición).

7.2 Presentación Selo Excelencia Grao EE

O 12 de marzo presentouse ante a Comisión de Avaliación a proposta do Grao EE para o Selo de Excelencia da Xunta de Galicia. Asistiron á presentación Francisco Deive en calidade de coordinador do Grao EE e a directora da Escola.

7.3 Singularidade Grao ERME

En base ao establecido na “RESOLUCIÓN de 10 de marzo de 2022, de la Secretaría General de Universidades, por la que se fijan los criterios para la determinación del carácter singular de titulaciones oficiales de grado y máster en el Sistema Universitario de Galicia” solicitouse no mes de marzo a solicitude de declaración de singularidade para o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, argumentando e xustificando que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Ter unha estrica vinculación coa especialización dun campus acreditado no que se imparte e constituír unha parte esencial das liñas estratéxicas en docencia e investigación desa especialización.
- b) Estar directamente vinculado aos sectores considerados esenciais pola Xunta de Galicia no seu plan estratéxico ou no RIS3.

7.4 Enquisas satisfacción coas titulacións

Infórmase de que as enquisas estarán dispoñibles para o estudiantado dende o 27 de febreiro ao 30 xuño e indícase que se achegarán recordatorios de participación aos colectivos de interese (estudiantado de 3º dos graos, de 2º do máster e persoas egresadas no 2022/2023).

7.5 Enquisas de Avaliación Docente (EAD)

Infórmase do prazo para o estudiantado do 20 de marzo ao 31 de maio e prégame ao profesorado incentive a participación na realización das EAD.

7.6 Rexistros aprobados na Comisión de Calidade

Infórmase da aprobación en Comisión de Calidade dos seguintes rexistros do SGIC da escola.

- R1 PE-01 Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro
- R2 PE-01 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro
- R2 PE-02 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas
- R1 IA-01 Necesidades de recursos e servizos
- R1 DO-0202 (parte 1) Plan de promoción para o curso 2024/2025
- Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade

8 Desenvolvemento das titulacións

8.1 Proxecto colaborativo

O 17 de xaneiro tivo lugar a presentación de proxectos da materia “*Proxecto colaborativo*”

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/alumnado-ee-minas-enerxia-estrease-mundo-investigacion>

En total participaron nesta primeira edición dez estudantes que presentaron tres proxectos centrados nos diferentes desafíos actuais do sector enerxético.

- Pablo Alonso González, Xandre Costas Pérez e Marcos Estévez González encargáronse de desenvolver un proxecto sobre o uso de novos disolventes biocompatibles para a captura de CO₂, baixo a supervisión dos profesores Francisco Javier Deive Herva, do Departamento de Enxeñaría Química, e David Patiño Vilas, do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos.
- Ana Portas Vasco, Javier Dopico Alfonsín, Martín Brianes Bóveda e Juan Comesaña Cabral traballaron nunha proposta sobre a agroenerxía sostible, cun enfoque integrado con biodixestores, enerxía solar e xestión eficiente da auga nunha granxa. Contaron coa titorización dos profesores Antonio Fernández Otero e Alejandro Molares Rodríguez, dos departamentos de Enxeñaría Eléctrica e Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos, respectivamente.
- Iago Villarino García, Carla Otero García e Diego Costas Moyano deseñaron un sistema de detección de ondas de choque/ondada utilizando Arduino, Raspberry ou outro tipo de nanocomputadores, un proxecto supervisado polos profesores Miguel Ramón González Castro e Manuel Pérez Cota, ambos do Departamento de Informática, e Ramiro Alberto Varela Benvenuto, do Departamento de Física Aplicada

8.2 Visitas graos

9 de febreiro. Visita do estudantado de 1º curso dos graos a Cerámicas Campo en Mesía (A Coruña), acompañados por Francisco Deive.

23 de febreiro. Visita do estudantado de 2º curso dos graos á antiga mina de Meirama en Cerceda (A Coruña), acompañados por Iria Feijóo.

Agradécese ás persoas coordinadoras dos graos e da materia “*Proxecto colaborativo*” o seu traballo

9 Recursos materiais

- 20 de xaneiro: Adquiriuse un equipo de visitas guiadas (un emisor e receptores para 25 persoas) dispoñible para o profesorado da EME na conserxería do centro (con reserva previa)
- 2 de febreiro de 2024: Solicitouse a electrificación da biblioteca e aula M108, a reparación de entradas de auga en cubertas e fiestras da EME así como desperfectos debidos a ditas entradas, no marco de la convocatoria de infraestruturas de 2024 da Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade
- 10 de marzo de 2024: Tramitada a impresión e colocación de 6 vinilos da EME onde conste a acreditación EURACE da que dispón o MUEM, así como o Distintivo de Igualdade e certificado Fides Audit.

- 20 de marzo de 2024: Encargouse a unha nova empresa (Ideit) o reorganización da páxina web da Escola e o seu mantemento de contidos e técnico, así como o aloxamento nun servidor alleo (*DINA hosting*) da universidade, por recomendación dos propios servizos informáticos da institución.

Agradécese a Francisco Deive o seu traballo como responsable da xestión de recursos materiais e infraestruturas

10 Prensa

- “La Voz de Galicia”, na edición especial de Educación e Formación, 14 febreiro. “*Necesitamos ingenieros e ingenieras en energía y recursos minerales*”
- Atlántico Diario, 8 febreiro. “*Enfermería y Minas, los centros mejor valorados del campus*”
- Atlántico Diario, 26 febreiro. “*Más de 200 alumnas..*”
- Atlántico Diario, 14 marzo. “*Talleres por el Día de la Mujer y la Niña en la Ciencia*”
- Faro de Vigo, 2 de abril. “*Treinta cuatro científicos...*”
- Participación do profesor Leandro Alejano na xornada “*La zona geográfica de Las Médulas y su red hidráulica*”, celebrado en Carucedo (León) organizado polo CSIC, o 17 de xaneiro, facéndose eco a cadena SER da contribución do profesor L. Alejano “*La ruina montium desde la Mecánica de Fluídos y la Mecánica de Rocas*”

11 Comunidade da Escola

O 30 xaneiro, Juan Jesús Rico Fuentes, egresado do Grao en Enxeñaría da Enerxía e Máster Universitario en Enxeñaría de Minas defendeu a súa tese «*Reduction of emissions in biomass combustion systems*» no CINTECX, tese dirixida por Raquel Pérez Orozco e David Patiño Vilas.

12 Asociacións Estudiantís

12.1 Foro Tecnolóxico de Emprego

Celebrouse o FTE os días 5, 6 e 7 de marzo.

Agradécese ao estudantado da Escola que participou no desenvolvemento da actividade.

13 Próximas actividades

- Infórmase da concesión de financiación para o desenvolvemento do proxecto de divulgación científica “Olimpiada da Enerxía”, no marco da “*Convocatoria de ayudas para el fomento de la cultura científica, tecnológica y de la innovación 2023*” da FECYT. O proxecto foi moi ben valorado e nel participan María Araújo, Francisco Deive, Raquel Pérez, Iria Feijoó, Marta Cabeza, Asunción Longo, David Patiño, Ana Rodríguez, Miguel Rodríguez, Moisés Cordeiro, Salomé Álvarez, Iago Pozo, Benito Vázquez e Elena Alonso como coordinadora.
- Delegación de Estudantado habilitará o período de reserva das suadoiros e están a organizar dous torneos deportivos e a subida ao monte Galiñeiro, en colaboración co Área de Benestar, Saúde e Deporte.

- Viaxe estudos: realizarase co estudiantado do último curso dos graos e do máster universitario en enxeñaría de minas os días 9 e 14 de xuño.
- Calidade. Infórmase dos procesos que se están a realizar no 2023: (i) seguimento da recertificación do SGC e (ii) renovación da acreditación institucional
- Actividades extracurriculares. Explorando Oportunidades. Desvelando o Potencial Profesional no Mundo da Enerxía e os Recursos Mineiros
 - Conferencia 1: D. Xandre Costas que está traballando en *EnergyLab* e continua os seus estudos de 4º no grao de Enxeñaría da Enerxía. A súa experiencia . Lugar, data e hora: Aula de Grao, mércores 3 abril de 13:00 a 14:00 h
 - Conferencia 2: Dª Nuria Mouronte, do grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Master en Enxeñaría de Minas que está traballando nunha empresa do sector. A súa experiencia. Lugar, data e hora: Aula de Grao, mércores 10 abril de 13:00 a 14:00 h
 - Conferencia 3: Dª Ana Larrañaga e D. Xurxo Rigueira, dos grados Enxeñaría da Enerxía e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, respectivamente, que enfocaron a súa vida profesional á investigación e están desenrolando as súas teses doutorais. As súas experiencias. Lugar, data e hora: Aula de Grao, mércores 24 abril de 13:00 a 14:00 h

Agradécese a Ana Rodríguez a labor de organización das actividades extracurriculares